

PANTALLAS

■ O director lembrou a traxedia de Gaza

'Camino' de Javier Fresser consegue o Premio 'José María Forqué'

Camino, de Javier Fesser, conseguiu Premio Cinematográfico José María Forqué, dotado con 30.050 euros, nunha gala celebrada no Palacio de Congresos de Madrid. O director da cinta premiada asegurou que é "difícil celebrar nada cando hai persoas que están sufrindo", á vez que animou o cine español a realizar películas que "axuden a coñecernos mellor uns a outros e a facer un mundo mellor".

A película de Fesser conquistou o galardón por diante das finalistas *Os xirasoles cegos*, de José Luís Cuerda; *Che, el argentino*, de Steven Soderbergh; *La conjura del Escorial*, de Antonio do Real, e *Sólo quiero caminar*, de Agustín Díaz Yanes.

O Premio Especial Egeda á Mellor Longametraxe Documental ou de Animación, dotado con 6.010 euros, recaeu en *El pollo, el pez ny el cangrejo real*, de José Luís López-Linares, presentado como o primeiro *thriller* gastronómico da historia.

A gala tamén serviu para homenaxear a Eduardo Ducay, produtor de películas como *Los chicos*, *Tristana* e *El bosque animado*. O produtor, que recibiu a medalla de ouro pola súa traxectoria, definiuse como "un home multiusos" a quen sempre lle atraeu o risco. "Desde sempre, gustáronme os riscos, e eu tomeinos, por iso este premio me fai especial ilusión, porque vén dos meus compañeiros produtores que coñecen o meu traballo". ● AGENCIAS